

## Mañá de inverno<sup>1</sup>

Mañá de inverno.

Fai frío.

Conduzo cara ao traballo.

A escuridade comeza a clarear.

É hipnótico o camiñar dos peóns apresurados,  
o deslizarse dos coches,  
o baile das luces,  
o ritmo compasado de cada madrugada.

O frío retarda o aleteo dos paxaros,  
alumea lentamente as sombras apagadas dos escaparates,  
revela milagrosas harmonías nos repregamentos da paisaxe...

Un penetra nas mañás de inverno  
abrazado polo silencio,  
perforado pola paz desas soidades  
nas que se abisma absorto,  
nun abandono plácido,  
desentendido de si mesmo,  
desposuído das súas miserias cotiás.

Son esas horas temperás  
as redentoras das nosas mesquindades,  
abrollos agostados e murchos aos que  
nos subtraemos -por graza milagrosa- en cada novo amencer.

---

<sup>1</sup> Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 15 de febreiro, 2018. Esta obra está suxeita á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>.

